



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN "PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA" PARA O IMPULSO DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA NO SISTEMA DE I+D+I DE GALICIA NO PERÍODO 2022-2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre as partes para a realización das accións incluídas nos seguintes programas:

A. MONITORIZACIÓN DO SISTEMA DE TRANSFERENCIA.

Alén da Enquisa I+ DT realizada pola *Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE)*, que se centra no ámbito universitario e a Enquisa do *Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnología e Innovación (SICTI)* do Ministerio de Ciencia (só dispoñible desde 2017), non existe un sistema de información harmonizada e estruturada sobre a actividade de I+D e transferencia tanto con visión de sistema como a nivel de actores; circunstancia extensiva ao sistema estatal e europeo. Precísase monitorizar os datos sobre transferencia para avaliar o desempeño do Sistema de I+D e dispoñer de información de soporte á toma de decisións sobre a estratexia a seguir e as medidas para adoptar.



O traballo de recompilación de indicadores para a realización do estudo “A transferencia de resultados de investigación no Sistema Galego de I+D. Informe 2011-2018” realizado no marco do “CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN “PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA” PARA O IMPULSO DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA NO SISTEMA DE I+D+i DE GALICIA” de 19 de xullo de 2019, representa a base para a definición dun sistema de monitorización sobre a transferencia no Sistema Galego de Innovación.

Inclúense a continuación as seguintes accións:

A1. Conceptualización dun panel de indicadores de transferencia.

Tomando como base os indicadores do Informe de Transferencia 2011-2018 a acción ten como obxectivo a definición dun sistema de indicadores para o seguimento da situación da transferencia de resultados da I+D nos centros de coñecemento do Sistema Galego de Innovación. As táboas de indicadores serán configuradas para a súa visualización web e realizarase a súa actualización aos datos máis recentes no momento de execución da acción.

A2. Implementación dun panel de indicadores presentados a través dunha ferramenta de xestión da información en formato visual, panel de control ou “*dashboard*”.

O obxectivo da acción é o deseño e desenvolvemento dun *dashboard* web para a publicación de datos dos indicadores de transferencia para os anos 2022 e 2023, sendo de libre acceso para o público en xeral.

B. FINANCIAMENTO E APOIO AOS PROCESOS DE VALORIZACIÓN.

O proceso do laboratorio ao mercado precisa do desenvolvemento de actividades de valorización tecnolóxica (para elevar o TRL dos resultados) e de negocio (relacionadas coa planificación do modelo de explotación de resultados) que conlevan un importante financiamento para cubrir tanto as probas técnicas como o expertise en xestión de IP e desenvolvemento de negocio que este proceso leva asociado.





O Programa IGNICIA Proba de Concepto, iniciativa pioneira a nivel estatal, pode considerarse a teor dos resultados obtidos tras as dúas primeiras convocatorias, un caso de éxito ao que dar continuidade para seguir apoiando o roteiro da valorización e licenza a través de spin- off ou proxectos de desenvolvemento que fagan viable a explotación das patentes.

Ademais do mecanismo de financiamento actual, é necesario diversificar os instrumentos dispoñibles tanto para identificar proxectos de transferencia de elevado potencial comercial, como para financiar a viabilidade tecnolóxica da investigación que culmina en TRLs máis baixos e iniciar o deseño de estratexias de valorización en etapas máis temperás, involucrando aos axentes do Sistema de I+D+i que poidan contribuir á súa maduración.

Neste programa inclúense as seguintes accións:

B1. Conceptualización e deseño dun programa de proba de concepto para resultados en TRL 1 – 4.

Deseño dun programa de financiamento de proxectos de proba de concepto dirixido a impulsar a valorización de resultados da I+D situados en TRLs 1 a 4.

A análise incluirá:

- Capacidade de xeración de proxectos de I+D en TRLs 1 a 4 no Sistema Galego de Innovación (número de proxectos, patentes, etc.)
- Identificación de convocatorias dispoñibles para este tipo de iniciativas (de cara a opción de establecer un sistema de selos de excelencia)
- Identificación de boas prácticas a nivel estatal ou internacional
- Elaboración dun documento de pautas para a posta en marcha dunha convocatoria de proxectos de proba de concepto para TRLs 1 a 4 (características da convocatoria, sistema de xestión, etc.)

B2. Acción de valorización de materiais innovadores.





Aplicación da “Metodoloxía de avaliación preliminar de resultados de I+D” en Universidades, OPIS e Centros Tecnolóxicos do Sistema Galego de Innovación desenvolvida no marco do “CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN “PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA” PARA O IMPULSO DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA NO SISTEMA DE I+D+i DE GALICIA” de 19 de xullo de 2019, aos materiais participantes no I Certame de Materiais Innovadores da Materioteca de Galicia promovido pola Axencia Galega de Innovación a través do CIS Tecnoloxía e Deseño. A acción centrarase principalmente nos materiais das categorías Investigación ou Empresa-Investigación, estes materiais contan cunha avaliación preliminar de carácter técnico sobre a súa calidade e potencial competitivo.

B3. Acción de valorización de patentes PCT/Internacionais.

Realización dun estudo de catalogación da carteira de patentes PCT/internacionais nos centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D que non sexan obxecto de acordos de explotación.

Aplicación da metodoloxía IGNICIA de avaliación de potencial comercial para deseñar plans de valorización que faciliten a súa comercialización.

C. FORTALECEMENTO DE CAPACIDADES DE ESTRUTURAS DE TRANSFERENCIA

O tecido de unidades de transferencia dos Centros de Coñecemento do Sistema Galego de I+D está composto por estruturas de pequena dimensión, que están sobrecargadas de funcións –principalmente relacionadas coa xestión de coñecemento e en menor medida coa súa comercialización- e que deben de atender a moi diferentes focos científicos e tecnolóxicos polo que o seu persoal non adoita estar especializado.

Necesítase incrementar a masa crítica das unidades de transferencia para optimizar a xestión dos procesos de valorización e comercialización de resultados da I+D, tamén incorporar perfís máis especializados que combinen unha formación científica con coñecemento e expertise en planificación e desenvolvemento de negocio.



Por outra banda, é preciso explorar novas fórmulas organizativas que permitan desenvolver procesos de valorización e comercialización de maneira máis efectiva.

Neste programa inclúense as seguintes accións:

C1. Análise de novos modelos da xestión da transferencia.

Recompilación e análise de boas prácticas de modelos de xestión da transferencia cara analizar a viabilidade da súa implementación no Sistema Galego de Innovación. A acción comprende a recompilación de fontes secundarias, realización de entrevistas a representantes de estas entidades e realización dun ciclo de coloquios para profundizar nas características da operativas dos modelos analizados.

C2. Estudos de definición e novos modelos de xestión da transferencia para a súa implantación en Galicia.

Realización de estudos de planificación orientados a implantación de novos modelos de xestión da transferencia no Sistema Galego de Innovación: deseño conceptual do modelo proposto, plan estratéxico, plan de negocio e folla de ruta para a implantación do modelo.

C3. Impulso a adopción de novos modelos de organización da función de transferencia.

Realización dunha acción piloto para ensaiar novas fórmulas organizativas para a xestión da transferencia: mutualización de servizos, consorcios para transferencia de determinadas tecnoloxías, unidades mixtas de transferencia entre universidades e centros tecnolóxicos, etc.

C4. Programas de adestramento e capacitación dos profesionais xestores de Transferencia de Tecnoloxía (júnior e sénior).

Accións de formación e adestramento en Galicia de profesionais galegos de transferencia de tecnoloxía. Esta formación está acreditada e achegará puntos da [ATTP - Alliance of Technology Transfer Professionals](#), e que se poderán acumular



para a obtención da certificación internacional RTTP- *Registered Technology Transfer Professional*. (“Profesional Rexistrado de Transferencia de Tecnoloxía”).

C5. Estadías formativas internacionais.

Organización dun programa de estadías temporais en unidades de transferencia de tecnoloxía consideradas como boas prácticas, tanto estatais como internacionais. Acción dirixida aos xestores participantes nos programas de formación, con preferencia para os certificados como RTTP.

C6. Programa de adestramento e capacitación de xestores de Transferencia no eido das humanidades e as ciencias sociais.

Deseño e realización dun programa de formación de profesionais da xestión de transferencia con contidos adaptados á casuística particular da transferencia no campo das Humanidades e CCSS.

D. DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DE PERSOAL INVESTIGADOR.

O persoal investigador é o primeiro elo da cadea do laboratorio ao mercado. De acordo aos datos da Red OTRI incluídos no estudo “A transferencia de resultados de investigación no Sistema Galego de I+D. Informe 2011-2018”, realizado no marco do “CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN “PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA” PARA O IMPULSO DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA NO SISTEMA DE I+D+i DE GALICIA” de 19 de xullo de 2019, en 2018 o SUG contaba con 1.158 PDIs activos en transferencia, o que representa o 24% del PDI do SUG e o 65% do PDI activo en I+D.

Compre, por tanto, incrementar o número de persoas investigadoras activas en transferencia e estimular a cultura da comercialización de resultados entre a comunidade investigadora, así como incorporar como parte dos itinerarios de desenvolvemento da carreira científica accións que permitan a adquisición de competencias transversais en valorización, transferencia e emprendemento por parte do persoal investigador.





En 2021 IGNICIA lanzou as primeiras accións formativas destinadas a persoal investigador cunha elevada demanda, motivando a reedición dos cursos. De cara a 2022 e 2023 propónse unha liña de acción continuista contemplando accións específicas para os investigadores do campo das Ciencias Sociais e Humanidades.

Neste programa inclúense as seguintes accións:

D1. Estudio sobre a mobilidade sectorial dos investigadores.

Realización dun estudo orientado á realización de propostas para impulsar a mobilidade sectorial dos investigadores no Sistema Galego de Innovación.

O contido do estudo centrarase na análise dos seguintes aspectos:

- Condicións limitantes para a mobilidade sectorial (academia, industria, centros tecnolóxicos) do persoal investigador. As condicións limitantes refírense aos aspectos normativos, de cultura organizacional (académica e empresarial), implicacións no desenvolvemento da carreira investigadora, dificultades organizativas e procedimentais, ausencia de estímulo, etc.
- Boas prácticas de iniciativas de fomento da mobilidade sectorial dos investigadores.
- Recomendacións para a implantación de iniciativas de fomento da mobilidade sectorial.

D2. Programa de formación e adestramento de transferencia e interacción co sistema de I+D+i. Curso dirixido a persoal investigador de centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D. O seu obxectivo é introducir ao persoal investigador nas bases da transferencia de coñecemento e a comercialización de resultados da I+D, ademais de contribuír ao desenvolvemento das seguintes capacidades: comprensión do valor da innovación e da investigación traslacional académica, as habilidades para presentar a investigación e conectar coa industria, e as estratexias para mellorar a produtividade da innovación nun entorno académico.



D3. Programa de formación e adestramento de transferencia e interacción co sistema de I+D+i no eido das humanidades e as ciencias sociais.

Cursos de iniciación a transferencia que teñan en consideración as especificidades dos resultados da I+D nos campos das Ciencias Sociais e Humanidades en relación coa tipoloxía de resultados, mecanismos de protección, canles de comercialización, etc.

D4. Formación executiva para investigadores posdoutorais.

Formación avanzada en transferencia que ten o propósito de capacitar e orientar os participantes en coñecementos e competencias relacionados coa comercialización de resultados de investigación, así como na promoción e xestión de spin-offs.

E. INTERACCIÓN ENTRE OS CENTROS DE COÑECEMENTO E O TECIDO PRODUTIVO.

Os centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D+i teñen numerosas capacidades científico-tecnolóxicas con potencial para proporcionar solucións innovadoras que permitan dar resposta aos retos que afronta o tecido empresarial galego no horizonte desta década: a sostibilidade e a dixitalización por exemplo, como retos nucleares da axenda europea. Para conseguilo, é clave a adopción dun papel tractor por parte do tecido empresarial, dando a coñecer as súas problemáticas e desafíos concretos aos centros de coñecemento para que este podan adaptar a súa oferta tecnolóxica a demanda de innovación empresarial.

E1. Organización de encontros de transferencia e innovación.

Os Encontros de Transferencia e Innovación buscan identificar as necesidades empresariais, así como as capacidades da oferta como primeiro paso para activar colaboracións que culminen en procesos exitosos de valorización e transferencia.

Cada sesión parte dunha contextualización a nivel galego e global dos diferentes retos abordados. Preséntanse as capacidades potenciais dos centros de coñecemento, casos de éxito de empresas líderes e débátese sobre como



desenvolver solucións innovadoras dende a colaboración entre os axentes do Sistema Galego de I+D+i.

1. Xunta de Galicia, con data do 13 de xuño de 1986; e clasificada como benéfico - docente por Orde da devandita Consellería, con data do 17 de xullo de 1986. Para o cumprimento dos seus fins, a Fundación BARRIÉ conta, entre outros procedementos, coa posibilidade de creación de becas, programas formativos ou programas de apoio financeiro a investigación, así como a de proporcionar calquera outra axuda, dentro do ámbito da competencia da dita Fundación.
2. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013.

3. A Fundación BARRIÉ ten experiencia no impulso de programas de adestramento no eido da transferencia de tecnoloxía, e conta cunha área de ciencia que impulsa programas propios co fin de apoiar a transferencia o





mercado dos resultados de investigación, especialmente os desenvolvidos por universidades, fundacións sanitarias e centros de investigación galegos. Instrumentos financeiros innovadores como o Programa Diana ou o Fondo de Ciencia, programas de formación e treinamento para gestores de transferencia de tecnoloxía como o Technology Transfer Training Program, o impulso de redes internacionais de contacto entre a comunidade investigadora e o tecido empresarial como o Technology Transfer Summit, U a elaboración do Informe sobre a ciencia en Galicia representan bos exemplos da acción da Fundación BARRIÉ en favor da posta en valor da investigación galega.

A Fundación BARRIÉ ven desenvolvendo, ademais, programas para a mellora das competencias profesionais dos investigadores de Galicia, en áreas tales como comunicación, traballo en grupo, resolución de conflitos, creatividade, etc. Estes programas van dirixidos a investigadores tanto das universidades como de centros sanitarios e outros organismos de investigación.

4. Que a Axencia Galega de Innovación considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos e experiencia da Fundación BARRIÉ, de xeito que a unión das sinerxías de ambas as dúas partes permita acadar os obxectivos relativos ao desenvolvemento de programas de formación do personal investigador, científico e de xestión da innovación e transferencia que prevé o plan galego de investigación e innovación.
5. Que é intención da Axencia Galega de Innovación continuar a colaboración con Fundación BARRIÉ, iniciada coa sinatura dos convenios asinados o 19 de xullo de 2019 para o impulso da transferencia de tecnoloxía no sistema de I+D+i de Galicia.
6. As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de





1.227.773,00 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede un financiamento de 1.000.000,00 € con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma segundo as anualidades e segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Anualidade	
		2022	2023
06.A2.561A.640.0	2016 00006	500.000€	500.000€
Total		1.000.000 €	

Por outra banda, a Fundación BARRIÉ, no marco deste convenio, aportará no desenvolvemento das accións definidas neste convenio financiación para actividades de formación, divulgación e elaboración de materiais complementarios ás actuacións desenvolvidas no convenio e dirixidas aos axentes do sistema de ciencia e innovación de Galicia segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Aportación	2022	2023	Total
Fundación BARRIÉ	90.150 €	137.583 €	227.733 €

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asinada electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

